



CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural

San Lázaro, s/n - 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Excmo. Sr.:

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo, informa o seguinte:

1º.- Que o 16 de marzo de 1986 o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común tomou o Acordo de clasificar como tal o denominado "UCEIRA, TRAVESA DO PICO E DEBESA DE BALBON", pertencente á Comunidade integrada polos veciños da parroquia de Vilaxoán, termo municipal de Incio. Publicado dito Acordo no B.O. da Provincia, nº 74, do mércores 14 de maio do mesmo ano, non se presentou nin interpuxo recurso ningún contra el, polo que é firme.

2º.- Que o 4 do mes en curso a Xunta Rectora da citada Comunidade, conforme co acordado por esta en Asemblea Xeral o 26 de outubro do ano en curso, acordou a súa vez:

- aproba-las Bases dun Convenio, a subscribir coa Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, para a repoboación forestal de 67 Has do monte en man común da súa pertenza e

- autorizar ó seu Presidente para a sinatura do Convenio.

3º.- Que o Convenio ten por obxecto a repoboación forestal do monte, a conservación e tratamento selvícola das masas que se creen, o seu aproveitamento e a execución das obras e traballos complementarios e auxiliares, concordantes con tales fins.

4º.- Que as superficies actuais do monte "UCEIRA, TRAVESA DO PICO E DEBESA DE BALBON", son:

superficie total	67 Has.
superficie rasa forestal	65 Has.
superficie inforestal	2 Has.

5º.- Que dadas as características do solo, o monte será repoboado con P. sylvestris, P. radiata e frondosas en solos aptos para elas.

Á vista de todo isto, propónse a V.E.:

Que se aprobe o Convenio das seguintes características:

Nome do monte: "UCEIRA, TRAVESA DO PICO E DEBESA DE BALBON".

Elenco: 2715062.

Superficie: 67 Has.

Pertenza: Comunidade de Vilarxoán.

Termo municipal: Incio.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Xuro sobre o anticipo: 1%.


Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

Non obstante V.E. resolverá.

Santiago de Compostela, 2 de abril de 1998.


O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES
E INDUSTRIAS FORESTAIS,



Asdo.- Plácido Baamonde López.

Vº E PRACE

O DIRECTOR XERAL,



Asdo.- Tomás Fernández-Couto Juanas.

EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE.-

Visto o expediente relativo a firma dun Convenio entre a Consellería de Medio Ambiente e a Comunidade Veciñal de Vilarxoán, propietaria do Monte Veciñal en Man Común "UCEIRA, TRAVESA DO PICO E DEBESA DE BALBON", de 67 Has e ubicado no termo municipal de Incio (Lugo), e a vista dos informes favorables, emitidos pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e polo Servicio de Montes e Industrias Forestais de Lugo, esta Sección Xurídica entende que procede a aprobación do devandito convenio nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1997, do Fomento da Producción Forestal, ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbito da Comunidade Autónoma, ó artigo 57 do devandito Real Decreto, así como a Lei 13/89, de Montes Veciñais en Man Común e ó Decreto 260/92, que aproba o seu Regulamento.

Santiago de Compostela, a 6 de abril de 1998.

A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA,

A handwritten signature in blue ink, appearing to read 'J. T. Rocha'.

Asdo.: M^a José Tato Rocha.

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola Sección Xurídica, e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo.

R E S O L V O

Aproba-lo Convenio das seguintes características:

Nome do monte: "UCEIRA, TRAVESA DO PICO E DEBESA DE BALBON".

Elenco: 2715062.

Superficie: 67 Has.

Pertenza: Comunidade de Vilarxoán.

Termo municipal: Incio.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Xuro sobre o anticipo: 1%.

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

Santiago de Compostela, 7 de abril de 1998.

O CONSELLEIRO,
P/O. do 12/01/98
O SECRETARIO XERAL

Asdo.: José Luis Abadía García-Tuñón



ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

C O N V E N I O

N.º	271	5062
-----	-----	------

En Santiago de Compostela, a de de mil novecentos noventa e

R E U N I D O S

Dunha banda, d. **JOSE LUIS ABOAL GARCIA-TUÑON**, por Delegación do , Conselleiro de Medio Ambiente, en virtude da ~~representación que legalmente corresponde~~ Orde do 12.01.1998.

Da outra, d. **JOSE MANUEL VILARINO LOPEZ** como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común **"UCHEIRA, TRAVESA DO PICO E DEBESA DE BALBON"** , segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

Ó abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servizos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, de 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279/78, do 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69/84, do 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.- O convenio ten por obxecto:

a) A repoboación forestal dos terreos susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

b) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).

c) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.- Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a **Comunidade integrada polos veciños da parroquia de Vilarxoán, termo municipal de Incio**

e son os que a continuación se describen:

Denominación: **"UCHEIRA, TRAVESA DO PICO E DEBESA DE BALBON"**.

Termo municipal: **Incio**

Provincia: **LUGO**

Situación administrativa e legal: **Monte veciñal en man común, pertencente a Comunidade integrada polos veciños da parroquia de Vilarxoán, termo municipal de Incio.**

Límites:

N.: **Monte da Comunidade de Foilebar e propiedades particulares;**

B.: **Propiedades particulares e termo municipal de Samos;**

E.: **Termo municipal de Samos, monte "HERRERIA Y COTO REDONDO", 2717507, propiedades particulares e mais monte da Comunidade de Vilarxoán e**

O.: **Monte "HERRERIA Y COTO REDONDO", 2717507 e mais monte da Comunidade de Vilarxoán.**

Superficie: **67 (SESENTA E SEPE) Hás.**

Estado forestal: **65 (SESENTA E CINCO) Hás. rasas forestais e 2 (DUAS) Hás. inforestais.**

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do solo: **- - -**

Sen vexetación arbórea: **67 (SESENTA E SEPE) Hás.**

Servidumes: **- - -**

3ª.- O solo continuará pertencendo a **Comunidade integrada polos veciños da parroquia de Vilarxoán, termo municipal de Incio**

que achega ó convenio:

a) Os terreos descritos na cláusula segunda.

b) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.- A Consellería de Medio Ambiente aporta ó convenio as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o **cincoenta** por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante **cincoenta** por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do **un** por cento anual.

5ª.- As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Medio Ambiente.

6ª.- Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, o **trinta** por cento, será para a Consellería de Medio Ambiente, e o **setenta** por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente a entidade propietaria do solo, a Consellería de Medio Ambiente recibirá o **-** por cento, e a comunidade propietaria o **-** por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Medio Ambiente excédese do saldo acreedor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregárase o exceso á comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinados en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

7ª.- En caso de incendio, a Consellería de Medio Ambiente procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuíndo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

8ª.- O presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito por representantes autorizados de ámbalas dúas partes, figurando nel certificación do acordo da xunta de comunidade, co quorum regulamentario, no que se designe a persoa autorizada para efectos de sinatura do convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Medio Ambiente asumirá a posesión do voo que se cree, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscristible no Rexistro da Propiedade.

9ª.- A duración deste convenio será por un período de cincoenta anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería de Medio Ambiente coa súa participación en beneficios que se consigna na cláusula sexta, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o solo e as existencias que sustentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogarase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Medio Ambiente se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerarase este tácitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Medio Ambiente do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do solo, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentos.

10ª.- Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do solo ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e caseas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Medio Ambiente se esta o precisar.

11ª.- A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será **P. sylvestris, P. radiata e frondosas en solos aptos para elas.**

12ª.- O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Medio Ambiente interpretará e resolverá todas as cuestións derivadas do seu cumprimento que se susciten.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don JESÚS NÚÑEZ FERNÁNDEZ en funcións de _____, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.—Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común "UCEIRA, TRAVESA DO PICO E DEVESA DE BALBÓN", veciños da parroquia de Vilarxoán, concello do INCIO - Rexistrados o 30-01-1997 co número 0554.

2.—Que, así mesmo, figura don JOSÉ MANUEL VILARIÑO LÓPEZ, e don MANUEL VEIGA LÓPEZ, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, ~~de~~ elixida o 18-05-1996

E para que conste, expido a presente certificación en Lugo a 28 de xaneiro de 1998.



Don MANUEL VEIGA LOPEZ, Secretario de Comunidade de Vilarxoán, termo municipal de Incio.

C E R T I F I C O : Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 26 de Outubro de 1.997 estando designado don JOSE MANUEL VILARIÑO LOPEZ, Presidente representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en Vilarxoán (Incio) a vinteito de Xaneiro de mil novecentos noventa e oito.

O SECRETARIO,

Visto e praxe,



O PRESIDENTE,
José Manuel Vilariño López
Asdo.: José Manuel Vilariño López.

Asdo.: Manuel Veiga López.

Don TOMÁS FERNÁNDEZ-COUTO JUANAS, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.

Pola propiedade,
José Manuel Vilariño López
Asdo.: José Manuel Vilariño López.

Pola Consellería de Medio Ambiente,
O CONSELLERO,
P/O do 12/01/98, O SECRETARIO XERAL,
Asdo.: José Luis Aboal García-Tuñón.



D. José Manuel Vilarinho López.
D. Manuel Veiga López.
D. Arturo Fernández Cambara.
D. José Arias López.
D. José Luis Pérez Campo.

En Vilarxoán, término municipal de -
Inicio, siendo las catorce horas del día 4 de No-
viembre de 1.997, se reunen los vecinos que inte-
gran la Junta Rectora de la Comunidad de Vilar-
xoán, cuya relación figura al margen.

Conforme con lo acordado por la cita-
da Comunidad, reunida en Asamblea General el pa-
sado 26 de Octubre, acuerdan a su vez:

1ª.- Aprobar las Bases de un Convenio a suscribir con la Consellería
de Agricultura, Gandería e Montes, para la repoblación forestal de 67 Hás. del -
monte en mano común de su pertenencia, de las siguientes características:

Nombre: "UCEIRA, TRAVESA DO PICO E DEBESA DE BALBON".

Superficie: 67 Hás.

Límites:

N.- Monte de la Comunidad de Foilebar y propiedades particulares;

E.- Propiedades particulares y término municipal de Samos;

S.- Término municipal de Samos, monte "HERRERIA Y COTO REDONDO", 2717507, propie-
dades particulares y mas monte de la Comunidad de Vilarxoán y

O.- Monte " HERRERIA Y COTO REDONDO", 2717507 y mas monte de la Comunidad de Vi-
larxoán.

2ª.- Autorizar a su Presidente para la firma del Convenio.

Y no habiendo más asuntos que tratar, se cierra el Acta en el lugar y
fecha al principio indicados, firmando de conformidad.

José Manuel Vilarinho López

Manuel Veiga López

Arturo Fernández

José Luis Pérez

José Arias